

O NADAL



XLI

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



Declarado de interese turístico galego pola Xunta de Galicia (D.O.G. 4-11-2014)

XLI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

//ABANCA

LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 176-2017

XLI CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL



XUNTA DE GALICIA



Concello de Begonte

ARREDOR DO NADAL


Benvidos todos á edición XLVI de O Nadal en Begonte, que convirte ao noso concello chairego no punto centro do Nadal en Galicia, e no que agardamos de novo as pacíficas invasións que conflúen no barrio que os devanceiros bautizaron como Quitimil, dentro da capitalidade do concello, preto da igrexa parroquial e do colexio público.

Cada ano que pasa, afianzámonos no papel conseguido por este Centro Cultural de ser herdeiro dunha idea de fe con moi fondas raíces que medrou e enramou con forza en ponlas vizosas que nos falan de tradición, de sociedade, de cultura, de convivencia, de arte, de vida...

E ese afianzamento cristaliza en actividades, en irmandade, en atención especial a todos os que nos visitan, en fomentar a convivencia e potenciar o espírito do Nadal, que se por natureza chama ás xentes de boa fe a celebrar a festa da vida, no noso caso convidanos ao esforzo por reforzar convivencias, vivencias do Nadal, experiencias vitais que nos van facendo medrar como crentes e como persoas.

No horizonte temos xa a cifra rotunda que acreditará que o Belén e as súas actividades complementarias cumprirá medio século. E aínda que pareza prematuro a estas alturas pensar en varios anos vista, contemplamos o futuro coa esperanza que da a firmeza da situación presente e a necesidade de planificar axeitadamente un tempo no que outras

persoas, institucións e accións serán protagonistas, e ás que temos o deber de ir preparando e preparándonos para que esta idea —esta realidade— perviva despois de nós.

A handwritten signature in black ink, reading "Xesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, irregular, scribbled oval shape.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro cultural
José Domínguez Guizán*



POESÍA

XLI CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico—, co gallo do Nadal 2016 ven de convocar o XLI Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil dezasete.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2016.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLI CERTAME
DE POESÍA «BEGONTE E O NADAL»



FALLO
DO
XURADO

En Begonte, reúnese o Xurado calificador dos traballos presentados ao XLI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro cultural «José Domínguez Guizán» e patrocinado por Abanca, formado por: JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro Cultural convocante; XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, poeta, e XULIO XIZ RAMIL, xornalista, que actúa como Secretario. Por unanimidade, acordan emitir o seguinte fallo:

1.- Conceder o PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 € e estatuíña de Sargadelos, ao poema XESÚS FICOU ESPIDIÑO, presentado baixo o lema ALTARIUM por XOSÉ OTERO CANTO de Lugo.

2.- SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 € e estatuíña de Sargadelos ao poema BO NADAL, do que resultou ser autor BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero), de Xanceda-Mesía (A Coruña).

3.- Pola calidade dos traballos presentados, concédense cadansúa MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos aos poemas:

- SONETOS, POR LA ROSA DE LOS VIEN-
TOS, A DIOS RECIÉN NACIDO EN BEGON-
TE, presentado co lema CECILIO ACEBO
DEL VALLE, por ANTONIO-ESTEBAN GON-
ZALEZ ALONSO, de Cacabelos (León) e

- NAVIDEÑAS, GLORIA Y PAZ... presentado
baixo o lema NAVIDAD: HE AQUÍ EL PARAÍ-
SO, por JESÚS RIAL VARELA, de Ferreiros-
O Pino (A Coruña).

O SECRETARIO DO XURADO

A handwritten signature in black ink, consisting of a series of loops and flourishes, representing the name Xulio Xiz Ramil.

Xulio Xiz Ramil



XOSÉ OTERO CANTO

Natural de Ponte Outeiro (Castro de Rei - Terra Chá), é licenciado en Filoloxía, e ven de xubilarse como catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía *Salaos da Chaira*, *Arelas de prata e soños*, *Miño, río pai e amigo*, *Guía poética da Muralla de Lugo*, *Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*, *Poemas da cidade*, *Poética da viaxe*, *Nenias chairegas*, *As catedrais*, *portas do misterio* e *Telúrica*.

O seu labor poético tenlle deparado máis de vinte premios literarios nos certames literarios do Concello de Vilalba, A Pipa (Beceerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Bos Aires, Concello de Paradela, Nacional de Poesía do Centro cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte, Anduriña Voandeira (País Vasco) e Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona).

XESÚS FICOU ESPIDIÑO

INTROITO

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
o sorriso, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.
Velaquí o meu meniño,
ben vestido e ao completo.
A roupa toda de liño.
Vese nel un grande afecto.
O seu mirar manseliño
produce moito respecto.

MANSIO

Todos lle piden ao neno
—que en Begonte ten a casa—
a roupiña do barrelo
aínda que o carro galego
e os apeiros de labranza
sexan como un caramelo
para os labregos da herdanza,
por ser figuras con selo
e ser novas de anovanza,
mais non teñen o destelo
nin tampouco a prestanza
da roupiña do pequeno
noso Deus, camiño e calma,
meu meniño, rei xarelo,
nosa luz, nosa esperanza.

PETITIO 1

Achegouse unha rapaza
presumida e boa planta,
pedíndolle a carapucha
con que a cabeza cubría
para gadarse da chuva,
cunha goteira «cabrita»
fixo como travesura
no Belén que de gorida
era a morada conxunta
de Xosé e de María
—mais o furado resulta
que o vento llo abra—
Caía a gota con bravura
e nada lle impedía
empapar a criatura
que no berce se sostiña,
de moi pequena estatura,
mais grande, á marabilla,
dono do sol e da lúa,
da bondade e da xustiza.
Puxo o mundo en harmonía.
Redentor e pacifista.
Meniño de gran valía.

RESPONSIO (Variatio 1)

Estríbillo

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
a carapucha, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.

PETITIO 2

Vén despois un raparigo
algo fraco e circunspecto,
acercóuselle ao ouvido
e díxolle o moi fresco
«os teus patucos de liño
eran bos para o meu pequeno
aínda que sexan de fío.
El non ten ningún paxelo
con que gardarse do frío.
Ti tes vaca e boi marelo
que alento che dan acotío;
eu non teño un pendello
nin tampouco un acubillo
e sinto un grande flaxelo
do frío que pasa o meu fillo».

RESPNSIO (Variatio 2)

Estribillo

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
os patucos, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.

PETITIO 3

Abeirouse unha parella
ao noso Deus adorar,
emigrante era ela,
de Siria era o rapaz,
preñada fora na guerra,
de nove meses estará.

Tampouco teñen vivenda
nin cartos con que pagar.
Agóchanse nunha pontella
que se vén edificar
en Begonte, que Saavedra
teñen a ben de nomear.
Pediulle «o bodi», a manceba,
que ao neno estaba a abrigar;
así cando o recén veña
teñan con que o tapar.
Xesús sabe da cuneta
en que están a morar,
por iso, axiña e con présa
o «bodi» accede a doar.

RESPONSIO (Variatio 3)

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
O «bodi», un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.

PETITIO 4

Un pícaro ben pequeno,
de tres aniños, quizá,
foi a Begonte, o neno,
ver o Belén desprazar.
Gustoulle tanto o boneco
que Xesús tiña nas mans...
fixo un grande patalexo
e rematou por chorar.
Tan grande era o rabecho,

perrencha e rabuxa que dá
que Xesús fixo un aceno
á Virxe para llo dar.

RESPONSIO (Variatio 4)

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa era como armiño.
O sorriso, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans non hai boneco.

CONCLUSIO

Xesús ficou espidiño.
Todo o que tiña foi dar,
quedou sen roupa de abrigo
en cueiriño corporal
que era o único tecido
co que se podía tapar.
Se non cres o que che digo
a Begonte haste chegar
ver o Belén susodito
e ao meniño, o principal.
Noso Deus, calma e camiño,
rei xarelo, meu meniño,
luz da terra, sol do mar.



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (*Mero*)

Baldomero Iglesias Dobarrio (*Mero*), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.


Premio Pedrón de Ouro 2009 e Premio Ramón Piñeiro 2011, ten publicados varios libros de poesía.

BO NADAL?

Si, ao final son os nenos os que mellor entenden
este tempo estremecido de Nadal.
Son eles, os que soñan tempos novos, cheos de Luz
que a todos nós, quentarán.
Ao final, se queremos, deberemos volvernos nenos
para erguer co corazón onda o portal
e correr de novo, sobrevoando as figuras de barro
e a fariña que é neve, no noso corazón, nas nosas mans.
Ao final, habitaremos o soño de querernos,
xuntando aquel noso mundo, sobre o chan
cos recortes de nós mesmos mirados no silencio
polos camiños que levan cara adiante, camiñando a un portal.
Sobre un manto de luz que se dá cita, na noite, baixo as estrelas
e xuntan a San Xosé, co Neno e coa súa Mai.
Ao final, todo o mundo se trastorna e busca o Sol
nun ollar esperanzado, de lumieira universal
pois o amor é esa luz, nesta inocente tenrura,
entre ríos e montañas, en Begonte, un camiñar.
Prados de musgo, vales con árbores, xente que vén, xente que vai,
ríos de prata, montes de neve, pezas de barro que a Belén van,
levan presentes, ovos, manteiga, bolas de pan.
E son nubes de algodón, tres reis magos, pastores da Terra Cha
chegan sobre serraduras de madeira
que arremedan a lama dos rueiros e levan a noite,
coa luz da Lúa e unha alta estela ... chegan alá.
Pasan rabaños e pontes, rapaces e mozos,
mulleres e homes que están a cantar.
Casas de pedra e tellados de lousa, a neve alfombra fríos

alá lonxe, polas terras Orientais.
Ao final, as sombras da noite albergan novos fuxidos,
os pobres eternos que escapan da fame, da guerra e buscan a paz.
O castelo de Herodes segue neste mundo ruín
que fixo un camposanto coas augas do mar
e as noites da historia, están sobre collidas ao repetirse,
ano a ano, e volven a nós para aquel Neno lembrar.
Fachuzo da noite da Chaira, non pode esquecer,
nin perder os soños: hai que ir arrolar.
Son refuxiados, emigrados, exiliados, ... e séntese unha vella canción
que arroupa, en doce voz o durmir dun Neno, que non deixará de amar:

*«Durme, meu Neno durme; durme,
que te durmirás sen esquecer aos que sofren
a indiferenza mortal».*



ANTONIO-ESTEBAN GONZÁLEZ ALONSO

Antonio Esteban González Alonso, leonés que residiu moitos anos en Lugo, é autor dos libros *Amanecer en el Recuerdo* (I e II), *Memoria de un tiempo perdido* (I, II e III) e *Carracedo. Años Cincuenta*.

Ten obtido corenta e catro premios literarios polos seus versos. Actualmente colabora en Galicia Digital con caricaturas e poemas, e en varios blogs dixitais, nun deles con receitas de cociña.

SONETOS, POR LA ROSA DE LOS VIENTOS, A DIOS RECIÉN NACIDO EN BEGONTE

NORTE

Te traigo mi palabra en la maleta.
Una alondra en mi pecho, prisionera,
volará hacia ti, aunque no quiera,
rasgando el corazón y la chaqueta.

Dejé mi Norte atrás.

(La alondra inquieta
—Begonte en la distancia— ya lo espera.
Revuela por el campo, mensajera,
buscando, temblorosa, una veleta).

Ahora, aposentada en mi garganta
le trina a ese Niño que ha nacido
y con leche divina se amamanta.

Te dejo el corazón que te caliente
—Begonte es tu pesebre y es tu nido
y hay que pregonarlo a mucha gente.

SUR

He dejado el sol ardiente y fiero
más al Sur de mi Sur, sin esperanza.
Por los campos de sal, el sol avanza.
Vuela una nube gris sobre un otero.

Y yo me quedo solo, compañero
de la sed, de la pita y la gavanza.
No es tiempo de tempero ni bonanza,
Dios aguarda en Begonte a este viajero.

Yo he cruzado, Señor, el horizonte
desde mi Sur de sed al Norte frío,
del destierro de sal hasta Begonte.

Te ofrendo a ti, la flor de la chumbera.
Es, Jesús, mi presente. Es el mío.
Otra cosa traería, si pudiera.

ESTE

A mí me basta el viento, compañero,
a lomos de una «Harley» reluciente.
Dejé mi cama atrás, sencillamente,
y un beso en el salón con un «te quiero».

Y estoy ahora aquí, en este Enero
con tanta gente que ama a tanta gente.
Me basta el cierzo gris contra la frente,
sin más, sobre el asfalto, caballero.

Le traigo a Dios, el polvo del camino,
la sed de cien batallas que me abrasa
y un código de barras clandestino.

A tus pies, en Begonte, —hoy tu casa
te deja, Dios, su yo un peregrino
que arde por tu amor como una brasa.

OESTE

... que la piel de mi alma se me eriza
si en mis noches, al Oeste, te concreto.
Un Begonte sin ti, es incompleto
en mis días/diciembres de ceniza.

Y la noche, en la noche, se humaniza
—es Diciembre, sin risas, por decreto—
—«No hay posada, José. Está completo»
Y completo el diciembre que agoniza.

Una luz al oeste.

La autovía
y la gente que mira como nieva.
Cruza un corzo. Asfalto. Muere el día.

En Begonte nació la fantasía
—Dios, de nuevo, hecho luz, en una cueva
y José. Y el silencio de María.

NORDESTE

Se me ha roto en el alma el calendario
y los días que tienen trece besos
son tan cortos que nacen sin excesos.
Es Diciembre. Y no hay vocabulario.

Noroeste y nieve.

Algún diario
que nos habla —y mucho— de sucesos,
de muertes anunciadas, de regresos
y de gentes. De algo innecesario.

E indago, sin prisa y sin urgencia
si en Begonte anuncian su presencia:
«Que ha nacido Jesús en un pesebre».

Me pregunto si habrá alguna Agencia
que difunda esto y no tanta violencia:
que Jesús ha nacido y se celebre.

NOROESTE

Me pongo la corbata y la camisa
—Diciembre... Veinticinco— Hoy te escribo
porque eres mi presente —indicativo—
aunque me urja el asfalto y la prisa.

Me hierde este Nordeste la sonrisa
y busco entre los datos si Dios Vivo
es solo un verbo solo o un adjetivo.
(Begonte me lo advierte y me lo avisa).

Y yo con esta carta en mi presente
—quizá el viento la lleve a algún futuro—
lo advierto y lo aviso a toda gente:

—lo aviso, lo advierto y lo aseguro—:
«Nació Dios, pero no por accidente.
Y es Verbo. Conjugable. Os lo juro.



JESÚS RIAL VARELA

É crego da Diocese e do Camiño de Santiago no concello de O Pino.

Sendo Seminarista (ano 1964), foi premiado no certame poético convocado con motivo do V Congreso Eucarístico de Mondoñedo.

Considerando que “o Nadal sempre é poesía e paraíso, como di San Antonio de Padua”, participou no certame de poesía do Belén de Begonte, cun poema “feito con corazón e coa mellor habilidade da que son capaz”.

NAVIDEÑAS, GLORIA Y PAZ

Lema: «Navidad: he aquí el paraíso» (San Antonio de Padua)

1. Bendita la NOCHE SANTA,
2. Madre alborada del día,
3. porque nace de María,
4. quien las tinieblas espanta.
5. El celestial coro canta
6. Gloria a Dios, paz en la tierra,
7. porque Amor nunca se cierra
8. a la humana criatura,
9. pues le da perdón y anchura
10. si, por frágil, peca o yerra.

1. Eran las tinieblas dueñas
del caos, hasta la hora
de tu labor creadora
en que tanto amor empeñas.
Y, pues a amar nos enseñas
y a quebrar tiniebla tanta,
grite el alma y la garganta
(para que el hombre en ti crea)
¡bendita la luz y sea
Bendita la Noche Santa!

2. Noche santa, fecundada
por la fuerza de la luz,
para ablandar la testuz
dura, rebelde y cegada.
Noche de espera, inundada
por diluvios de alegría,
sobre una tierra en sequía...
Noche en que Dios se revela
—si la pasamos en vela—
madre alborada del día.

3. Late en la Santa Escritura
(como un acontecimiento
de muerte y alumbramiento,
nocturnidad y premura)
la noche **sheol**, oscura,
donde a la luz todavía
le falta su epifanía...
Pero vendrá, por la llama
de todo un Dios que nos ama
porque nace de María.

4. Guía, con tino, el navío
—por olas, rocas y niebla—
el mismo Dios que repuebla
todo nuestro sembradío;
que no ha de quedar baldío
de luz, si el mal adelanta
sus huestes, y se agiganta
la cizaña en el cultivo,
aunque parezca inactivo
quien las tinieblas espanta.

5. La Buena Nueva es tan bella,
tan grande y tan esperada,
que ya no hay nadie ni nada
que no se alegre con ella.
Es el lucero, la estrella
que las tinieblas quebranta,
el alborozo agiganta
y al dolor le quita peso...
Es lo mejor, y por eso
El celestial coro canta.

6. Hay mucha fiesta en el cielo:
cantos, danza, algarabía
y una explosión de alegría
que baja y fecunda el suelo.
Es Dios colmando el anhelo
de la Alianza que cierra
con el Don que desentierra
buenas nuevas en Belén.
Lo dice el canto muy bien:
¡GLORIA A DIOS, PAZ EN LA TIERRA!

7. Abres la mano y nos sacias
de bienes y de favores,
buen Amor de los amores,
fuente de todas las gracias.
Son los ahogos que espacias
cuando el corazón se aferra
no a la paz sino a la guerra,
y nos libras del abismo
donde impera el egoísmo
porque Amor nunca se cierra.

8. Fue por envidia malsana,
temeridad y ambición
como aquella tentación
nos mordió con la manzana.
Negro iba a ser el mañana,
muy larga la desventura;
pero Dios siempre procura
—si el hombre pierde el Edén—
que no le falte el Belén
a la humana criatura.

9. Nada es ahora como antes
del anuncio de Gabriel
y de venir Enmanuel
a ser luz de caminantes
y faro de navegantes
que han de culminar, segura,
cada crucial singladura,
para que el barco, encallado,
quede por Dios liberado
pues le da perdón y anchura.

10. Al principio ya existía
el Verbo de Dios que vino
a alumbrar nuestro camino,
trocando la noche en día.
Pidió posada, y no había
para nacer en la tierra...
porque el hombre a Dios le cierra
las puertas del corazón,
mientras le llueve el perdón
si, por frágil, peca o yerra.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e...
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
viva medre e...
mas...
sua... a...
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián...
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
ría e S. Xosé, e...
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XLI CERTAME DE XORNALISMO
«BEGONTE E O NADAL»

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XLI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL», de acordo coas seguintes bases:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
- SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2017, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

Begonte (Lugo), Nadal de 2016.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»



FALLO DO XURADO

O Xurado cualificador dos traballos presentados ó XLI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL», formado por JOSÉ ULLA ROCHA, alcalde de Begonte; JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro Cultural convocante; BLANCA PACÍN SOMOZA, bibliotecaria; XULIO XIZ RAMIL, xornalista e JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, secretario do Centro Cultural de Begonte, acordou conceder os seguintes premios:

- PREMIO XORNALISMO, dotado con 600€ e estatuíña de Sargadelos para o traballo titulado NON CRIN NOS REIS MAGOS ATA OS 70 ANOS, publicado en Galicia Digital por Xosé Manuel Carballo Ferreiro.*
- SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo titulado HUELLAS DE PEREGRINO, publicado en Galicia Digital por Pablo Núñez González.*

Pola calidade dos traballos, acordase conceder cadansúa Mención de honra, dotada con estatuíña de Sargadelos aos traballos:

- CAMINO DE VUELTA A LA FE, publicado en Galicia Digital por Beatriz Valcárcel, co seudónimo «Begontina» e*

- *GARDADOS NO FAIADO*, publicado en *Galicia Digital* por Xosé Román Escourido Basanta.

O SECRETARIO DO XURADO



José Rodríguez Gómez



(†) XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terrachá), o ano 1944. Finou o 28 de outubro de 2017.

Foi crego, e exerceu o seu ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador do Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo foi un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (*O menciñeiro á forza*, *Recobrou o sorriso o Eleuteiro*, *¿Bo Nadal?*), narración (*Parábolas chairegas*, *Don Otto de viaxe pola Chaira*, *Contrato nulo*), e comentarios de prensa, feito programas de Radio e dirixido o programa “Hai que celebralo” en Televisión Lugo.

Ten acadado premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación histórica en Bazar (Castro de Rei) e, en dúas ocasións, o Premio de Novela do Concello de Vilalba.

En Begonte ten acadado en varias ocasións o primeiro premio do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

RECORDOS SAUDOSOS DE INFANCIA

Cando eu era pequeno había moita lama no inverno polos camiños e corredoiras da miña parroquia e das dos arredores. Iso sen contar cando se bota fóra cada inverno calquera dos seus ríos, regos e regatos, ou rebentan as fontes coas tronadas. A Terra Chá, xa se sabe, é pouco escorredía e por iso apoza moito a auga en toda ela. Seguramente que debido a iso, cando eu era pequeno os Reis non viñan ás aldeas da Chaira, polo menos que eu recorde. Xa teño setenta e pico anos e, coma case todos os da miña quinta, lembro con bastante claridade cousas da nenez e, non obstante, esquezo moitas de onte ou antonte, sen ir máis lonxe.

Cando tiña oito, algo xa sabía dos Reis Magos e o que sabía non o vou contar agora, pero tiña que ser certo, porque o aprendera, na misa, na escola, no catecismo e algo na casa e daquela era certo case todo o que se aprendía neses ámbitos; claro, televisión ou radio que fixese competencia non tiñamos aínda.

O que nunca me ensinara ninguén, nin na casa, nin o señor cura, nin a señora mestra foi a soñar con eles, cos Reis Magos itinerantes.

Agradézoo, porque, se non se baixaban a andar pola lama, afeitos a atravesar desertos «en el lejano Oriente», aforráronme unha frustración que podía deixarme marcado pra sempre. E mais, así e todo, sempre vivín con un certo desexo subconsciente de soñar con eles. Tírame algo a psicoloxía, pero nunca din

NON CRIN NOS REIS MAGOS ATA OS SETENTA ANOS

atopado nela resposta convincente á pregunta de por que me pasaría iso, tampouco llo consulte nin penso consultarllo a ningún profesional do pensamento por dúas razóns: Unha, porque xa non me fai falla, e outra, porque non estou xa pra que ninguén se poña a des-triparme diante dos fociños as miñas, enmu-decidas pero latentes carencias de hai sesenta anos, disecionándoas coa frialdade dun aveza-do carnicero.

No mes de xaneiro do ano 1952, tiña eu sete anos e oito meses e recordo coma se fora agora mesmo que tiven ocasión de finxir du-rante uns 20 minutos que realmente cría nas súas Maxestades de Oriente coma eses seño-res tan serios que se rebaixan a levarlles ós máis pequenos o que queren ou o que poden os máis grandes.

Aquel ano veu á nosa casa aí polo nove de xaneiro a señora mestra, D.^a Maruja de Gran-da, e díxome:

—Mira que te trajeron los Reyes por ser bueno.

Aínda eu non acabara de amilagrarme nin ela de sacar unha caixa do seu inmenso bolso, no que carrexaba tamén a comida pra xantar soa na escola mentres nós iamos á casa, cando se lle soltou a miña avoa:

—Pra que andivo con nada, D.^a Maruja. Como lle hemos pagar todo isto? Xa bastan-te fai aturándoo na escuela. A ver ti como te portas, eh!

A mestra choscoulle un ollo á avoa; pero xa

era tarde. Sen dicirmo, xa me dixeran quen era a maga. Na caixa viña un relucente revólver de calamina, e varias caixiñas de corchos con fulminante que se lle poñían por diante no canón coma se foran tapóns. Ó disparar facían moito estrondo, sobre todo na boca do pozo que lles axudaba a resoar moito máis. Un dos fulminantes meteunos un bo susto a Onésimo de Ramón da Balseia, a Manolo de Virtudes de Ruco e a min aló en Valiña Folgueira cando se non ocorreu arrimarlle un misto.

Así que me familiariceí con aquela arma curta, pero sen chegar a disparala aínda, díxome a mestra:

—¿Qué dices. Te gusta lo que te trajeron los Reyes Magos?

Eu respondinlle:

—Si, señora.

Volveu a insistir ela:

—¿Mucho?.

E volví a responder eu de corazón:

—Si, señora, mucho, mucho, mucho.

Daríalle de boa gana unha aperta grande, pero non me atrevín, porque ela era a señora mestra e eu un neno pequeno.

Como non había presa, mentres a madriña ía mirar polo lado de riba da casa se andaba por alí alguén máis da casa pra vir tomar un xerez ou un sanson con D.^a Maruja, ela seguiu falando comigo mentres eu ardía por probar como eran os estampidos do revólver:

—¿Qué les digo a los Reyes? ¿Vas a ser bueno?

—Si, señora me voy a portar siempre bien en la escuela, y no he de decir nada aunque usted llegue tarde.

Cando se foi, díxome a mamá:

—Mira que bos foron os Reis. A ti quérenche máis ca min; porque a min nunca me trouxeron nada.

Eu dinlle a aperta que non gastara coa mestra e de paso díxenlle baixiño:

—A min tampouco, mamá. Foi a señora maestra.

Non insistiu. Só lle oín dicir polo baixo:

—Xa me parecía que era tarde. Ten coidado de non queimarte co fulminante e ós máis nenos non lles digas quen che trouxo o revólver, nin o leves nunca á escola pra non teres que dar explicaciós.

Teño que confesar que procurei alentar a ilusión sen tomar por ilusos ós demais, e tampouco matarlles os soños antes de tempo ós nenos nin ós grandes, porque sei que nada pode ser realidade se antes non foi soñado: por iso puxen en marcha algunha cabalgata de reis tamén polas aldeas, porque desde hai anos xa case non quedan camiños nin corredoiras cheas de lama no rural chairego, que xa hai tempo que temos estradas e pistas que cada vez están máis asfaltadas, especialmente onde se fixo a concentración parcelaria. Pero, axudando a manter a ilusión e a cultivar os soños, a quen aínda non fose tan escéptico o desenganado que perdesse a capacidade de soñar, dábase pena dar pé pra que os nenos

puidesen crer que os Reis fosen tan inxustos con eles como o fora a vida con seus pais. Por iso nunca me prestei a que se convertese publicamente a festa da ilusión noutra ocasión máis de presunción, de competición ou de decepción.

Vou interromper aquí por hoxe, pra seguir nun próximo capítulo. Saúdos e bos soños.

TEMPOS DE MADUREZ ADULTA

Retomando as miñas vivencias de anos atrás, sigo con esta especie de pequenas memorias doutro Balbino que chegou a facer carreira.

No desexo de ser o máis realista posible e de non ser motivo de enganados dos fregueses ou alumnos, nas prédicas e clases fun algo iconoclasta coa relixiosidade popular, porque aínda que sempre admirei e bendicín as cantigas de Reis, as panxoliñas, e mesmo algunha peza teatral sobre o Nadal, desmentín repetidas veces que se soubese con certeza que os Magos fosen tres e que aínda por riba fosen reis e de distintas etnias, porque no Evanxeo de Mateo só se fala «duns magos de Oriente» que guiados por veces por unha estrela, tiveron que xogarlla a Herodes e levaron agasallos moi simbólicos ó Deus-Home feito Neno. Nin se din nomes, nin número, nin procedencia, nin propiamente condición social. Iso si, acostu-

maba a facer referencia a que moi soñadores debían ser aqueles homes pra botarse a andar sen rumbo fixo tras dunha estrela.

Así fomos chegando ó día de Reis, a Epifanía do Señor, do ano 2014, ano no que tiven prórroga pra poder cumprir os setenta. E xustamente o día seis de xaneiro dese ano recuperei parte da miña infancia e saíron á luz, coma se dunha longa e intemporal hibernación se tratase, os soños que latexaran durante tantos anos no meu subconsciente, referentes a poder crer nos reis magos como vulgarmente se entende esa credulidade e as múltiples tradicións que a envolven.

Xogando coa imaxinación penso que, se verdadeiramente traen agasallos, o mellor que me trouxeron a min foron tres sobriñiños que me chaman: «Abuelo Manuel». De menor a maior son: Ero de dous anos, Navia, de tres e Martiño.

Este, que tén hoxe cinco, tiña daquela tres anos, pero xa era moi espabilado. El andaba moi ilusionado cos Reis que xa os visitaran na gardería, e pra reforzar as súas conviccións infantís, marquei pola noite do día cinco ó pé da casa e fronte á ventá da miña habitación, as pegadas dun camelo. Pola mañá do día seis levei disimuladamente ó pequeno por alí e el, un chisquiño sobresaltado, díxome:

—Abuelo, mira, as pisadas dun cabalo.

Moi sereno fixeime ben e respondinlle:

—Ai, non, Martiño! Os cabalos teñen as pezuñas redondas e unha soa en cada pé, que

se chama casco; en cambio estas están partidas. Sonche de camello.

Foi a máis o sobresalto e exclamou preguntando:

—Dos Reis!?

—Pénsoche que si. Eu oínos e mirei pola ventá, pero xa non os vin.

Agarrouse a min o pequeno e con absoluta convicción afirmou:

—Eu vinos, abuelo!!

